



RESOLUCIÓN DO 18 DE AGOSTO DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE, POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE PUNTUACIÓNS DA PROBA DE CONXUNTO DE PIRAGÜISMO, PARA A INCORPORACIÓN AO PERÍODO TRANSITORIO DAS FORMACIÓNS DEPORTIVAS FEDERATIVAS ENTRE OS ANOS 2002 E 2007

TEXTO

A disposición adicional segunda da Orde ECD/158/2014, de 5 de febreiro, establece o procedemento de incorporación ás formacións do período transitorio, acreditando para elo formacións de carácter meramente federativo, realizadas dende a entrada en vigor da Orde ECD/3310/2002, de 16 de decembro, ata a entrada en vigor do referido Real Decreto 1363/2007, de 24 de outubro, para o cal se deben cumprir entre outras condicións, a de que estas formacións haxan sido recoñecidas polo Consello Superior de Deportes mediante a correspondente Resolución.

Por Resolución de 27 de marzo de 2017, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, publicada no Boletín Oficial do Estado do 4 de abril de 2017, outórgase o recoñecemento a determinadas formacións deportivas federativas impartidas pola Real Federación Española de Piragüismo, entre o 31 de decembro de 2002 e o 9 de novembro de 2007, constando a relación correspondente nos seus Anexos I y II.

En consecuencia, por Resolución do 24 de maio da Secretaría Xeral para o Deporte, convocouse a proba de conxunto de piragüismo, para a incorporación ao período transitorio das formacións deportivas federativas realizadas pola Federación Galega de Piragüismo entre os anos 2002 e 2007.

Posteriormente, por medio da Resolución do 29 de xuño da Secretaría Xeral para o Deporte, publicouse a lista de admitidos e excluídos para subsanación de documentación, e o tribunal avaliador da proba.

A Secretaría Xeral para o Deporte é competente para regular os aspectos referidos á proba de conxunto de piragüismo e, de acordo cas competencias atribuídas polo Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e polo Decreto 60/2015, do 16 de abril e polo 176/2016 de 15 de decembro, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección.





Polo anterior, e en base ás competencias que teño atribuídas e ao disposto na normativa citada,

DISPOÑO

Artigo 1. Publicación da lista provisional de puntuacións dos participantes na proba de conxunto de piragüismo no Anexo I.

1. Daráselle publicidade na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede da Federación Galega de Piragüismo e na web da Secretaría Xeral para o Deporte, <http://deporte.xunta.gal/>, no apartado novas e no apartado da Escola Galega do Deporte.

Artigo 2.

Tal e como se recolle no artigo 8.3 da Resolución do 24 de maio da Secretaría Xeral para o Deporte pola que se convoca a proba de conxunto de piragüismo para a incorporación para a incorporación ao período transitorio das formacións deportivas federativas realizadas pola federación galega de piragüismo entre os anos 2002 e 2007, di que, unha vez publicada a relación provisional de puntuacións na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede da Federación Galega de Piragüismo e na web da Secretaría Xeral para o Deporte, <http://deporte.xunta.gal/>, no apartado novas e no apartado da Escola Galega do Deporte, os participantes poderán reclamar por escrito, contra as calificacións resultantes, mediante a correspondente instancia dirixida ao presidente do tribunal ante a Secretaría Xeral para o Deporte, sita na EGAP, na Rúa Madrid, nº 2-4, 2º andar en Fontiñas, Santiago de Compostela, no prazo de dez días hábiles a partir do seguinte á publicacións das calificacións.

DISPOSICIONS FINAIS

Primeira. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ante esta Secretaría Xeral, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, ou poderán impugnala directamente, no xulgado do contencioso-





administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Segunda . Entrada en vigor

A presente resolución entrará en vigor o día da súa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede da Federación Galega de Piragüismo e na web da Secretaría Xeral para o Deporte, <http://deporte.xunta.gal/>, no apartado novas e no apartado da Escola Galega do Deporte.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2017

O subdirector xeral de Plans e Programas

Miguel López Sieiro





ANEXO I

Publicación da lista provisional de puntuacións dos participantes na proba de conxunto de piragüismo

Do resultado da corrección resultaron aptos no nivel I:

Cabo Domínguez, Laura	34273822-G
Carballo Méndez, Martín	33339412-S
Castro Martínez, Iago	33550226-B
Del Riego Fontenla, Angeles	33997856-S
Fernández Vázquez, Gabriel	44475995-K
Freire Fernández, Juan Antonio	47372657-V
López Muñiz, Vanesa	34881240-S
Pérez Domínguez, Paula	35483340-K
Rodríguez Estévez, Daniel	33551637-L
Romillo Díaz, Ignacio	34636489-F
Sánchez Ouro, Bernardo	33328197-R

Do resultado da corrección resultaron non aptos no nivel I:

Ninguén

Do resultado da corrección resultaron aptos no Nivel II:

Acuña Blanco, José Enrique	35295796-L
Barreiro Brun, Nicolás	53113157-Q
Besada Porto, Felipe	76867062-G
Bouzas Castaño, Francisco Javier	35475414-F
Docal Paz, José Ricardo	33845625-K
Glavan, Marcel Daniel	X2848102-N
Martínez Veras, Celso	35256910-A





Molina Molina, Antonio	77516077-M
Osaba Olaberri, Amaia	33439927-C
Paraje Díaz, Neftali	79310798-J
Pedrares Alonso, Manuel	76909788-L
Prieto Valera, Borja	32688579-J
Viaño Moure, Alberto	44814277-L

Do resultado da corrección resultaron non aptos no nivel II:

Ninguén

